

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 11 de febreiro de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese cultural a *Fundación Reveriano Soutullo Otero*, adscribíndoa á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2003.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

Orde do 12 de febreiro de 2003 pola que se clasifica como de interese cultural a Fundación Derecho y Europa.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Derecho y Europa*, con domicilio en Ourense.

Supostos de feito:

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Derecho y Europa* foi constituída en escritura pública outorgada en Ourense o 25 de outubro de 2002, ante o notario Ernesto Alonso Rivera, co número dous mil catrocentos corenta e seis do seu protocolo por Jorge Robinat Elías, Dolores García Hervas, David de León Rey, José Luis Campo Alonso, Carmen Garcimartín Montero, interveñen no seu propio nome e dereito, facéndoo ademais David de León Rey en nome e representación de Enrique León Rey.

3. Segundo establece o artigo 6 dos estatutos, son fins da fundación a promoción, o desenvolvemento, a protección e o fomento dos estudos e investigacións sobre os fundamentos da civilización occidental, radicados na tradición da cultura europea, sobre as súas actividades sociais e culturais, e tamén a difusión dos referidos estudos a través de publicacións e outros medios e en xeral calquera outra actividade cultural de utilidade común que contribúa

ó desenvolvemento integral da persoa humana segundo a dignidade que lle é propia.

4. O padroado da fundación estará integrado por Jorge Robinat Elías como presidente, Enrique de León Rey e Dolores García Hervas como vicepresidentes, David de León Rey como secretario, e José Luis Campo Alonso, Carmen Garcimartín Montero e Nicolás Álvarez de las Asturias Bohorques Heredia como vocais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías eleva ó conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, proposta de clasificación como de interese cultural da *Fundación Derecho y Europa*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese cultural e á súa adscrición á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Fundamentos de dereito:

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 11 de febreiro de 2003.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño e Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese cultural a *Fundación Derecho y Europa*, adscribíndoa á Consellería de

Cultura, Comunicación Social e Turismo que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2003.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 29 de xaneiro de 2003 pola que se convocan premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ó curso 2001/2002.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deportes creou mediante a orde ECD/1696/2002, do 1 de xullo de 2002 os premios nacionais de formación profesional como recoñecemento ó alumnado que rematou os seus estudos de formación profesional específica de grao superior ou de formación profesional de segundo grao ata a extinción dos correspondentes plans de estudos.

Así mesmo, na citada orde, establécese no artigo terceiro que poderán concorrer ós premios nacionais os alumnos que resultasen merecedores dos premios extraordinarios convocados na súa Comunidade Autónoma nos termos que se establecen na citada orde.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas,

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto.

Convócanse premios extraordinarios de formación profesional para o alumnado de formación profesional que finalizara os seus estudos no curso 2001/2002 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Número e recoñecemento.

1. Poderá concederse un premio extraordinario por cada familia de formación profesional específica de grao superior ou rama de formación profesional de segundo grao.

2. Os alumnos que obteñan o premio extraordinario recibirán un diploma acreditativo e anotaralles esta distinción no seu expediente académico o secretario do centro docente onde estea depositado o seu expediente académico. No caso dos alumnos que cursaron a formación profesional específica de grao superior, anotaráselles, ademais, a dita distinción nos libros de cualificación a través da dilixencia correspondente.

3. Os alumnos que obteñan o premio extraordinario de formación profesional poderán concorrer, logo de inscrición, ó correspondente premio nacional.

Terceiro.-Requisitos.

Poderán optar ós premios extraordinarios de formación profesional os alumnos que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter rematados nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia os estudos de formación profesional específica de grao superior ou os estudos de formación profesional de segundo grao no ano 2002.

2. Ter obtido unha cualificación final media de tódolos módulos ou materias igual ou superior a 8,5.

a) A cualificación final obterase como media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos que compoñen o ciclo formativo. Para os efectos de cálculo da nota media, non será computado o módulo de formación en centros de traballo que se cualifica en termos de apto ou non apto nin os módulos que foran obxecto de validación.

b) No caso dos aspirantes que cursaran formación profesional de segundo grao, a cualificación final determinarase calculando a media aritmética das cualificacións das distintas materias que integran a correspondente especialidade de segundo grao de acordo co seguintes equivalencias:

Suficiente: 5,5 puntos.

Ben: 6,5 puntos.

Notable: 7,5 puntos.

Sobresaliente: 9 puntos.

Non serán tidas en conta para o cálculo da cualificación final as materias que foran validadas.

Cuarto.-Prazo e documentación.

1. Os alumnos que, reunindo os requisitos indicados, desexen optar ós premios extraordinarios, inscribíranse, no prazo dos 15 días naturais seguintes ó da publicación desta convocatoria, nas secretarías dos institutos de educación secundaria no que se atope o seu expediente académico.

2. Para formalizala inscrición deberán presentala seguinte documentación:

a) Instancia cuberta segundo o modelo do anexo I desta orde.

b) Certificación académica dos estudos obxecto de baremación.

c) Breve currículum vitae con indicación, se é o caso, dos premios ou bolsas que obtivese e outros méritos que desexe alegar, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

d) Fotocopia do DNI.

3. No caso de que a solicitude de inscrición non reunise os requisitos precisos, requirirase o inte-